



CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA REGULAR O FUNCIONAMENTO DA SEDE DO PROGRAMA UNIVERSITARIO DE MAIORES, IV CICLO

REUNIDOS

Dunha banda, D. Alberto Varela Paz, en nome e representación do **Concello de Vilagarcía de Arousa**, con CIF P3606000B, e domicilio en Praza Ravella, nº1, 36000 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), no exercicio do seu cargo de Alcalde-Presidente e ao abeiro das competencias que lle confiren na Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, Lei 7/1985, do 2 de abril e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración Local de Galicia.

Doutra banda, D. Antonio López Díaz, Reitor da **Universidade de Santiago de Compostela**, con CIF Q1518001A, e domicilio na Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela, nomeado por Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG 22 de marzo), actuando en nome e representación da mesma, en virtude das facultades que lle confire a Lei Orgánica 2/2023 de Universidades do 22 de marzo do Sistema Universitario e do Decreto 14/2014 do 30 de xaneiro, polo que se regulan os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto e libremente:

EXPOÑEN

1. Que a Universidade de Santiago desenvolve dende outubro de 1997 o Programa Universitario de Maiores IV Ciclo como un programa de formación dirixido aos alumnos maiores de 50 anos, con independencia do seu nivel previo, pero con características e demandas de formación reguladas, que cada vez en maior medida esixe a composición demográfica da poboación
2. Que a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Vilagarcía de Arousa subscribiron o 28/07/2021 un convenio de colaboración para a creación dunha sede do Programa Universitario de Maiores IV CICLO, da Universidade en Vilagarcía, curso 2021-2022.
3. Que o orzamento do Concello de Vilagarcía para o ano 2023 contempla unha consignación por importe 14.585,00€ na aplicación orzamentaria 320-48900, para atender o financiamento do Curso 2023-2024 do IV Ciclo da Universidade de



Santiago de Compostela na súa sede de Vilagarcía estándose ao establecido no artigo 22.2c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Que a Universidade de Santiago de Compostela esta interesada no achegamento da referida actividade a poboacións con esa demanda formativa, sendo o Concello de Vilagarcía de Arousa lugar idóneo para achegar a mesma á poboación de maiores da Comarca do Salnés.
5. Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Vilagarcía de Arousa, como a Universidade de Santiago de Compostela están interesados en seguir promovendo a sede do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO dentro do termo municipal nos sucesivos cursos académicos, co fin de continuar coa actividade entre a poboación con esa demanda formativa da Comarca do Salnés.

En virtude do exposto, e co obxecto de fixar as condicións que rexerán tal colaboración, as partes conveñen na subscrición do presente convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto deste convenio é regular as condicións básicas para continuar co funcionamento da sede do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO dependente da Universidade de Santiago de Compostela, na localidade de Vilagarcía de Arousa.

SEGUNDA.- 1ª- A sede será parte integrante do Programa Universitario para Maiores, IV CICLO, a cuxa normativa legal, administrativa e académica deberá suxeitarse ao desenvolvemento das súas actividades.

2ª.- A sede residirá nos locais pertencentes ao Concello de Vilagarcía de Arousa sitos no Centro de Formación, avda. Matosinhos, nº 1, 36000 Vilagarcía de Arousa, Centro autorizado pola USC. Todo cambio de localización da Sede ou calquera actuación que se pretenda realizar en ou dentro do inmovible, será previamente comunicada a Universidade de Santiago sen cuxa autorización non poderá realizarse. O uso dos locais para a docencia Universitaria será gratuíto durante a duración do convenio. A cesión gratuíta de uso non poderá ser modificada mentres existan programas iniciados pendentes de finalización conducentes ao Diploma Senior (60 créditos formativos).

3ª.- Na referida sede cursaranse as ensinanzas do curso académico para Maiores de cincuenta anos (IV CICLO) a partir da entrada en vigor do presente Convenio. Ademais das ensinanzas do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO, a sede poderá organizar actividades formativas e culturais dependentes do programa que se consideren convenientes para o alumnado da Comarca, de acordo coas directrices xerais aprobadas polo Consello de Goberno da USC.



4ª.- A Aula contará cun número axeitado de Profesores-Titores conforme á programación e ás directrices académico-docentes marcadas pola Comisión Académica do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO.

5ª.- A Aula contará con:

- Acceso para alumnos con baixa mobilidade
- Un mínimo de 40 bancadas para alumnado
- Espazo con acceso a internet
- Canon de proxección
- Ordenador
- Altofalantes

6ª.- A Universidade de Santiago de Compostela a través da súa Vicerreitoría de Estudantes e Cultura, consciente do importante servizo que se lle esixe, comprométese a cumprir coas obrigas administrativas e docentes contraídas no presente Convenio, polo que a Universidade de Santiago de Compostela, a través do Programa Universitario para Maiores IV CICLO, ofertará durante 4 anos en cada curso académico un mínimo de 15 créditos (150 horas presenciais) que lle permitirán ao alumnado que curse a citada formación obter o Diploma Sénior da USC, sempre e cando o convenio sexa debidamente renovado.

7ª.- Pola súa parte, o Concello de Vilagarcía de Arousa farase cargo da totalidade dos gastos que orixine a apertura da Sede así como dos derivados do seu mantemento. A efectos meramente enunciativos e non limitativos, cítanse os seguintes:

- A designación, ao seu cargo, dunha persoa como apoio á sede. Esta persoa recibirá unha formación para axudar ao alumnado na súa matrícula electrónica e dúbidas que poidan xurdir sen que, en ningún caso, realice tarefas propias do Persoal de Administración e Servizos da USC e sen que tal tarefa constitúa, per se, mérito para o seu emprego pola Universidade de Santiago de Compostela. Sen prexuízo da necesaria coordinación desta persoa traballadora coa Universidade de Santiago de Compostela, só recibirá as instrucións respecto das súas tarefas do seu empregador, isto é, o Concello de Vilagarcía de Arousa, que lle dará a oportuna identificación.
- Uso e mantemento do inmovible (auga, electricidade, limpeza do local, recollida de residuos sólidos, etc.) do Concello.
- Mobiliario.
- Inmovilizado material (por exemplo, fotocopiadora, videoconferencia, ordenadores, material de oficina, etc.).
- O Concello comprométese a facer publicidade nos principais medios de comunicación para difundir a sede e o programa.
- O Concello outorgará unha subvención de 14.585,00€ á Universidade para afrontar os gastos derivados da docencia, coordinación, desprazamento, dietas



e locomoción do profesorado e titores, así como do material didáctico: carpetas, programas, fotocopias, enquisa de avaliación, desprazamento do alumnado para as visitas didácticas da docencia (transporte) e coordinación etc.

8ª.- Sobre a xustificación da subvención

- O prazo de xustificación da subvención finalizará o 30 de setembro de 2024, agás que se solicítase e concedese unha prórroga. A prórroga que se conceda será única, e non excederá en ningún caso do prazo de quince días naturais.
- Para a xustificación da subvención presentárase a seguinte documentación:
 - 1.- Memoria xustificativa da actividade obxecto da subvención
 - 2.- Certificación emitida polo órgano de control correspondente da Universidade de Santiago de Compostela da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi establecida a subvención (artigo 28.5 da Lei de Subvencións de Galicia)
 - 3.- Certificados oficiais acreditativos de estar o beneficiario ao corrente no pago das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - 4.- Certificación bancaria orixinal da conta na que desexen que se lles ingrese o importe da achega.
- Os conceptos subvencionables serán os seguintes:
 - Gastos de persoal docente
 - Gastos de prácticas docentes
 - Gastos de administración e funcionamento
 - Gastos de organización de actividades
- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio poderá traer consigo a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que procedan, de conformidade co establecido nos artigos 37 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
- Sen prexuízo do anterior, o incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 28/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9ª Co fin de facilitar a xestión académica e administrativa designárase ao director/a do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO, como coordinador/a da mencionada Sede.

10ª.- A Universidade de Santiago de Compostela, no programa Universitario de Maiores, IV CICLO incluírá no Presuposto anual os gastos da Sede, así como os ingresos que o Concello debe aportar ao mesmo.



11ª.- O Concello obrigase a incluír anualmente nos seus Presupostos a partida necesaria para facer fronte aos gastos da Sede acordados neste Convenio, actualizándose anualmente en función do IPC, agás que se determine outra cantidade pola Comisión de Seguimento. A dotación anual inicial será de 14.585,00 euros.

-12ª.- A aportación económica do Concello ao Presuposto do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO da USC farase efectiva logo de xustificación documental de actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán aterse ás seguintes normas:

a) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente nas súas obrigas tributarias con Concello, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Administración Autonómica.

b) Non será posible expedir un pagamento anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade e, transcorrendo o prazo de xustificación previsto, non se achegase documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados.

TERCEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para realizar o seguimento e control do regulado no presente convenio establécese unha Comisión Mixta formada por:

- O vicerreitor ou vicerreitora con competencias no IV Ciclo Universitario e o/a coordinador/a da Programa Universitario de Maiores, IV CICLO en representación da USC
- Don Alberto Varela Paz e Dona María Galbán Zaragoza en representación do Concello de Vilagarcía de Arousa.

CUARTA.- VIXENCIA

O presente convenio manterase vixente por 1 ano dende a data da súa sinatura, que se corresponderá co curso académico 2023-2024.

No caso de incumprimento do estipulado ou por finalización da actividade obxecto do convenio, poderá acordarse a súa extinción.

QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas durante a súa execución, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



SEXTA.- XURISDICIÓN

O presente convenio ten carácter administrativo. Corresponde á Comisión de Seguimento resolver as dubidas ou discrepancias que poidan xurdir na súa execución. As cuestións litixiosas en orde a súa execución corresponderán á xurisdición contencioso-administrativa.

Con base nos antecedentes expresados e suxeición ás estipulacións pactadas, queda establecido o presente **CONVENIO PARA REGULAR O FUNCIONAMENTO DA SEDE DO PROGRAMA UNIVERSITARIO DE MAIORES, IV CICLO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA**, subscrito mediante sinatura electrónica.

O Reitor da Universidade de
Santiago de Compostela

O Alcalde-Presidente do Concello
de Vilagarcía

Antonio López Díaz

Alberto Varela Paz